

XXI CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL


BASES

1ª.- Poderán participar tódolos/as alumnos/as dos colexios e do IES de Vila de Cruces.

2ª.- O tema será unha representación do nadal.

A técnica será libre, deberán ser realizadas manualmente e non se admitirán deseños feitos por ordenador.

Tamaño: Cartulina DIN-A4 dobrada pola metade, tal como se indica:



3ª.- O **prazo** para a elaboración das tarxetas será ata o **30 de novembro de 2023**. As tarxetas serán depositadas polos seus autores en cada un dos centros educativos ou no Concello.

4ª.- Na parte de atrás das postais figurará o nome e apelidos do autor, enderezo, teléfono, curso, colexio ó que pertence e idade.

5ª.- Os premios financiaranse con cargo á partida 338.48 e consistirán en regalos e serán os seguintes:

- Premio á postal gañadora: por valor de 60 euros.
- Catro accesits por valor de 35 euros cada un: que premiarán á mellor postal de cada un dos colexios e do IES.

A tarxeta gañadora será a que envíe a Corporación Municipal para felicitar o nadal aos veciños.

6ª.- Imponse aos participantes a cesión gratuita dos dereitos de explotación nos termos previstos no artigo 48 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, reservándose o Concello de Vila de Cruces o dereito a utilizar os traballos premiados en futuras edicións ou actividades con fins promocionais.

As tarxetas serán expostas no Auditorio Municipal Xosé Casal.

7ª.- Os premios serán decididos por un xurado formado por membros da corporación municipal, un traballador municipal e representantes de entidades culturais do Concello. Actuará de presidente o Concelleiro de Cultura e de secretario o traballador municipal.

8ª.- A decisión do xurado será inapelable, e os concursantes polo feito de concursar aceptan as presentes bases.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A decisión do xurado será pública no taboleiro de edictos do concello sen perxucio da notificación aos gañadores do concurso.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda otorgar.





9ª.- Os premios entregaranse na data que se estableza polo Concello.

10ª.- A convocatoria publicarase no taboleiro de edictos do Concello, sen perxuízo da publicidade que se realice nos centros educativos. Publicarase extracto da convocatoria do BOP da provincia de Pontevedra a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Asdo. O alcalde
Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.

